



## Ourense

### Negociado de licenzas de apertura e obra de establecementos

Cumprindo co disposto nos artigos 30.2.a) do Regulamento do 30 de novembro de 1961 e 4.º 4 da Instrución do 15 de marzo de 1963, sométese a información pública o expediente 1189/2004, que se tramita a instacia de Dona Elisa Fernández López para a concesión de linceza de apertura e funcionamento de café-bar que instalará na rúa Travesía Portocarreiro, n.º 4-baixo, desta localidade.

Durante o prazo de dez días, que comezará a contar dende a última inserción deste edicto no BOP ou diario, o expediente está á disposición do público no negociado de Gobernación, co fin de que quen se considere afectado poida examinalo e deducir, de se-lo caso, as alegacións ou observacións que crean conveniente.

Ourense, 28 de maio de 2004. O alcalde.

Asdo.: Manuel Jaime Cabezas Enríquez.

### Negociado de licencias de apertura y obra de establecimientos

*Cumpliendo con lo dispuesto en los artículos 30.2.a) del Reglamento de 30 de noviembre de 1961 y 4.º.4 de la Instrucción de 15 de marzo de 1963, se somete a información pública el expediente 1183/2004 que se tramita a instancia de doña Elisa Fernández López, para la concesión de licencia de apertura y funcionamiento de café-bar que se instalará en la Travesía Portocarreiro, n.º 4, de esta localidad.*

*Durante el plazo de diez días, que comenzará a contar desde la última inserción de este edicto en el BOP o diario, el expediente estará a disposición del público en el Negociado de Gobernación, con el fin de que quien se considere afectado pueda examinarlo y presentar, en su caso, las alegaciones u observaciones que crean conveniente.*

Ourense, 28 de mayo de 2004. El alcalde.

Fdo.: Manuel Jaime Cabezas Enríquez.

**R. 2.433**

## Xinzo de Limia

Ordenanza especial reguladora da limpeza de terreos e soares e medidas preventivas contra os incendios forestais.

### Capítulo I

Disposicións xerais.

#### Artigo 1º.

Fundamentase esta ordenanza nas competencias atribuídas ós entes locais no artigo 25, en relación co 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local da Galicia, e nas normas que lle afectan da Lei 9/2002, do 30 de decembro, do ordenamento urbanístico e da protección do medio ambiente rural de Galicia e demais normativa concordante.

#### Artigo 2º.

Ten por obxecto esta ordenanza a posta en marcha de medidas de policía urbana e rural e de prevención de incendios forestais, sen que en ningún caso estea ligada a directrices de planeamento, por estar referida tan só a aspectos que atinxen desde o ornato urbano ata a seguridade e a salubridade do medio territorial do municipio.

#### Artigo 3º.

Están suxeitos ó cumprimento da normativa desta ordenanza os soares e terreos clasificados como solo urbano ou solo de

núcleo rural polo planeamento municipal vixente. Igualmente, suxéitanse ós condicionantes de limpeza e valado de terreos que nelas se prevén os terreos rústicos colindantes co solo urbano ou de núcleo rural nunha franxa de 25 m, que se contará desde o límite do solo urbano ou de núcleo, e os terreos rústicos e colindantes con outros terreos igualmente de solo rústico, cando nestes últimos se concedera licenza para edificar.

#### Artigo 4º.

Enténdese por valado de terreos todas aquelas obras exteriores de nova planta, de natureza non permanente, que se limiten a levar a cabo o simple cerramento físico do terreo de que se trate.

#### Capítulo II

Da limpeza de terreos e soares.

#### Artigo 5º.

O alcalde, ou o concelleiro no que delegue, se é o caso, dirixirá a policía urbana, rural e sanitaria, e exercerá a inspección dos predios, parcelas, obras e infraestruturas do termo municipal de Xinzo de Limia, para comprobar que se cumpren os condicionantes requiridos nesta ordenanza.

#### Artigo 6º.

Prohíbese botar lixo ou residuos de calquera clase nos soares e terreos suxeitos ás normas da presente ordenanza, tanto de propiedade pública como privada.

Igualmente, non se permitirá que nos terreos sen edificar e que non estean destinados a cultivos agrícolas, se deixe crecer mato e calquera clase de vexetais que dean ós terreos un claro aspecto de abandono.

#### Artigo 7º.

Os propietarios de toda clase de terreos e infraestruturas deberán mantelos en estado de seguridade, salubridade e ornato público, prohibíndose expresamente manter neles lixo, residuos sólidos urbanos ou entullos e mato.

Cando pertenza a unha persoa o dominio directo dun terreo ou infraestructura, e a outra o dominio útil, este deber recaerá sobre a que teña o dominio útil.

#### Artigo 8º.

Coñecido o estado de abandono e de falta de limpeza dun terreo ou soar incluído no ámbito da presente ordenanza, ben por denuncia particular, que ha de ser informada pola Policía Local, ben de oficio, o alcalde incoará o expediente administrativo correspondente co obxecto de determinar o estado de limpeza e conservación do predio e resolve-lo procedente, requirindo a emisión dos informes técnicos e xurídicos oportunos, e unha vez evacuados estes, concedendo ós interesados un prazo de audiencia.

Á vista do expediente tramitado, o alcalde resolverá ordenando a execución dos traballos de limpeza ó titular do predio afectado, concedendo un prazo mínimo de quince días e máximo de dous meses, atendendo á magnitude dos traballos ordenados, ou ben declarando que non son necesarios.

No suposto de incumprimento da orde de execución por parte do interesado no prazo concedido procederase á execución subsidiaria ou á execución forzosa, logo de apercibimento, mediante a imposición de multas coercitivas das que a contía oscilará entre 300,00 e 3.000,00 €, xustificándose a contía segundo as circunstancias que concorran. As multas coercitivas reitéranse ata conseguir a completa execución do ordenado, impoñéndose unha nova multa coercitiva por cada mes de atraso, multa da que o importe será o da inmediatamente anterior, incrementado nun 25%, sen que en ningún caso poidan exceder do límite xeral de 3.000,00 €. Sen prexuízo disto, a administración poderá optar en calquera momento pola execución subsidiaria, cos custos a cargo do obrigado a executar.



Non será necesario o apercibimento previo á execución forzosa cando ó ser notificada a orde expresamente se advirta ó interesado a posibilidade de recorrer ós medios de execución forzosa en caso de incumprimento.

As multas coercitivas non terán carácter sancionador, senón o de medios para lograr que se cumpra co ordenado.

Os expedientes sancionadores que se incoen por infrinxilo disposto no artigo 18 da presente ordenanza terán carácter independente dos previstos neste artigo.

#### Capítulo III

Do valado de terreos aptos para ser edificados.

##### Artigo 9º.

Os propietarios suxeitos á aplicación do previsto nesta ordenanza deberán mante-los valados mentres neles non se realicen obras de nova constitución, salvo que, no que ós núcleos rurais se refire, se desenvolvan nestes terreos actividades de aproveitamento agrícola.

Os cerramentos ou valados que se establezan en toda clase de solo, e en particular no solo rústico de especial protección, serán acordes co contorno, e en ningún caso poderán dana-los valados específicos que se queiran protexer.

Nos lugares de paisaxe aberta e natural, ou nas perspectivas que oferezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais, e nas proximidades de estradas e camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que os cerramentos e valados limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompe-la harmonía da paisaxe ou desfigura-la perspectiva que lle é propia.

##### Artigo 10º.

O valado ou cerramento de terreos en solo urbano será de material opaco cunha altura de 1,5 m, rebocado e pintado, e se é colindante coa vía pública deberá segui-la liña de edificación, nos termos do que ó respecto informen os servizos técnicos municipais.

##### Artigo 11º.

Tanto o valado de terreos situados dentro dos núcleos urbanos como o valado de prédios rústicos, considerarase obra menor e estará suxeito a licenza municipal previa.

##### Artigo 12º.

O alcalde, de oficio ou a instancia de calquera particular, poderá ordena-la execución de obras destinadas ó valado e cerramento dos terreos existentes dentro do núcleo urbano, indicando, tralo informe dos servizos técnicos municipais e oído o propietario, os requisitos e prazo de execución de tales obras, que, salvo supostos moi excepcionais, debidamente xustificadas, será de dous meses.

A orde de execución de obras sinalada no parágrafo anterior conleva a licenza para realiza-la actividade ordenada, que estará, en todo caso, suxeita ó pagamento do imposto derivado da ordenanza fiscal en vigor.

O cumprimento defectuoso ou o incumprimento do prazo outorgado habilitará ó concello para utiliza-lo procedemento da execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas reiterables ata conseguir a total execución do ordenado, sen prexuízo de que se poida ordena-la incoación do correspondente expediente sancionador.

As multas coercitivas ou a execución subsidiaria aplicaranse nos termos establecidos no artigo 8.

#### Capítulo IV

Das medidas de prevención contra os incendios forestais.

##### Artigo 13º.

Prohíbese nos núcleos urbanos e rurais plantar árbores, salvo os que o sexan con fins ornamentais ou en pequenos grupos que non ocupen unha superficie superior a 50 m<sup>2</sup>.

Establécese, como medida preventiva, unha franxa de protección contra os incendios forestais de 50 metros, contados a partir da liña delimitadora do núcleo ou, de se-lo caso, dos últimos edificios que o formen, que deberán estar libres de mato ou de calquera material que facilite a propagación do lume.

##### Artigo 14º.

As plantíos de árbores que se leven a cabo desde a entrada en vigor da presente ordenanza, deberán gardar unha distancia mínima de protección de 75 m á liña delimitadora dos núcleos, tanto rurais como urbanos.

##### Artigo 15º.

Os propietarios ou administradores de plantíos de árbores existentes á entrada en vigor desta ordenanza deberán realizar labores de limpeza do mato e de calquera material que facilite a propagación do lume dentro dunha liña de protección contra incendios forestais de 15 m, contados desde a liña de delimitación dos núcleos urbanos ou rurais.

##### Artigo 16º.

Haberá que aterse ó disposto no artigo 13 desta ordenanza en canto á prohibición de realizar novos plantíos de árbores dentro da franxa de protección, unha vez realizada a corta das árbores xa existentes.

##### Artigo 17º.

O alcalde ou o seu delegado, de oficio ou a pedimento de persoa interesada, iniciará o expediente pódoo en coñecemento do propietario ou propietarios dos predios, tanto urbanos como rústicos, e tralo informe dos servizos técnicos e con audiencia ós interesados, ditará resolución na que se asinalen as deficiencias, se ordenen as medidas precisas para corraxilas, e se fixe un prazo para executalas.

Transcorrido o prazo concedido sen que os obrigados as executen, alcalde ordenará que se incoe o preceptivo procedemento sancionador.

Ó resolver, requirirase ó obrigado ou ó seu administrador para que proceda a executa-la orden, coa advertencia, para os casos de incumprimento, de levala a cabo o concello con custos a cargo do obrigado, que serán recadados en vía executiva.

Cando concorran circunstancias de falta de capacidade económica dos obrigados, tralo informe dos servizos sociais de base, os traballos de limpeza de que se trate poderán ser asumidos polo propio concello.

#### Capítulo V

Infraccións e multas.

##### Artigo 18º.

Constitúen infracción desta ordenanza os actos que vulneren as normas que dela se derivan, segundo o detalle que de seguido se transcribe:

\* Non cumpri-las ordes de execución dos traballos necesarios para mante-los terreos e soares en perfecto estado de salubridade e ornato público.

\* Non respecta-las medidas preventivas de protección contra os incendios forestais, incumprindo o deber de mante-los terreos libres de mato ou de calquera outro material que facilite a propagación do lume, dentro das distancias de seguridade sinaladas nesta ordenanza.

\* Realizar novos plantíos de árbores coníferas dentro da franxa de protección fixada nesta ordenanza.

##### Artigo 19º.

As faltas ás que se refire o artigo anterior serán sancionados con multas coercitivas que oscilan entre 150,00 e 300,00 €.

As faltas a esta ordenanza clasifícanse en moi graves, graves e leves.

\* Son faltas moi graves os actos que constitúan incumprimento das normas que afecten á salubridade e seguridade de terreos e edificios, e tamén aqueles nos que se incumplan as medi-



das de prevención contra os incendios forestais sinaladas nesta ordenanza durante os meses do verán, e que supoñan un risco grave contra a seguridade de persoas ou bens públicos.

\* Son faltas graves os actos que constitúan incumprimento das normas que, relativas á seguridade, salubridade ou ornato afecten levemente á salubridade ou seguridade de persoas ou bens, así como as medidas de prevención contra os incendios forestais sinaladas nesta ordenanza, e os novos plantíos de árbores dentro da franxa de protección fixada nesta normativa.

\* Considéranse faltas leves as que non teñan carácter de faltas moi graves ou graves.

#### Artigo 20º.

Do incumprimento das ordes de execución por causas de salubridade, hixiene ou ornato e das medidas preventivas contra os incendios forestais, serán responsables as persoas que teñan o dominio útil do predio de que se trate.

#### Artigo 21º.

O órgano competente para resolver-lo procedemento sancionador é o Presidente, nos termos do disposto no artigo 21.1.k) da Lei 7/1995, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sen prexuízo do dereito de delegar en algún concelleiro ou na Comisión Municipal de Goberno.

#### Artigo 22º.

A potestade sancionadora exercerase segundo a normativa do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado por Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

#### Artigo 23º.

Para graduar-las multas atenderase primordialmente á gravidade das faltas, á entidade económica dos feitos constitutivos da infracción, á reiteración por parte da persoa responsable e ó grao de culpabilidade de cada un dos infractores.

#### Artigo 24º.

Multas por faltas moi graves:

Sancionaranse con multa de 180,00 a 300,00 €:

A) As faltas contra o disposto nesta ordenanza que afecten á salubridade e á seguridade de terreos, edificios e infraestruturas, así como ás medidas de prevención contra incendios forestais sinaladas durante os meses de verán, e que supoñan un risco grave contra a seguridade de persoas ou bens en caso de incendio.

B) O incumprimento reiterado das ordes de execución ditadas para mendar faltas cualificadas como graves.

#### Artigo 25º.

Multas por faltas graves:

Sancionaranse con multa de 60,00 a 180,00 €:

A) As faltas contra o disposto nesta ordenanza que constitúan incumprimento das normas sobre ornato e limpeza de predios, se afectan levemente á salubridade e á seguridade de persoas ou bens, así como ás medidas de prevención contra incendios forestais que supoñan un risco considerable contra a seguridade de persoas ou bens en caso de incendio, e os novos plantíos de coníferas dentro dos núcleos urbanos ou rurais e na franxa de protección.

B) O incumprimento reiterado das ordes de execución ditadas para mendar faltas cualificadas como leves.

#### Artigo 26º.

Multas por faltas leves:

Sancionaranse con multa de 15,00 a 60,00 € as faltas contra o disposto nesta ordenanza que constitúan incumprimento de normas que non teñan carácter de moi graves ou graves.

#### Capítulo VI

Normativa común sobre procedemento.

#### Artigo 27º.

Os decretos ditados polo alcalde nos procedementos regulados na presente ordenanza serán inmediatamente executivos,

salvo no caso dos que teñan carácter sancionador, e porán fin á vía administrativa, séndolles de aplicación o réxime de recursos establecido no artigo 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

#### Artigo 28º.

Cando sobre un mesmo terreo concorran as circunstancias de carecer do valado ou cerramento esixido e de non se acomodar ós condicionantes de limpeza, seguridade, salubridade e ornato público que determina esta ordenanza, incoarase un único expediente para resolver ambos procedementos.

No suposto de que xa se encontrasen abertos dous procedementos sobre un mesmo predio, un relativo á limpeza e outro ó valado, poderán acumularse nun único expediente en calquera momento anterior ó trámite de audiencia.

#### Disposición adicional

As distancias de seguridade e prevención contra os incendios forestais que se preven nesta ordenanza non serán de aplicación ós edificios situados nos viveiros forestais.

#### Disposición final

A presente ordenanza, que consta de vinte e oito artigos, unha disposición adicional e unha final, entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo pleno municipal e publicada íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Xinzo de Limia, 15 de decembro de 2003. O alcalde. O secretario.

*Ordenanza especial reguladora de la limpieza de terrenos y solares y medidas preventivas contra los incendios forestales.*

#### Capítulo I

#### Disposiciones generales.

#### Artículo 1º.

*Se fundamenta esta ordenanza en las competencias atribuidas a los entes locales en el art. 25, en relación con el 84, de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local, art. 80 de la Ley 5/1997, de 22 de julio, de la administración local de Galicia, y en las normas que le afectan de la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, del ordenamiento urbanístico y de la protección del medio ambiente rural de Galicia y demás normativa concordante.*

#### Artículo 2º.

*Tiene por objeto esta ordenanza la puesta en marcha de medidas de policía urbana y rural y de prevención de incendios forestales, sin que en ningún caso esté ligada a directrices de planeamiento, por estar referida tan solo a aspectos que afectan desde el ornato urbano hasta la seguridad y la salubridad del medio territorial del municipio.*

#### Artículo 3º.

*Están sujetos al cumplimiento de la normativa de esta ordenanza los solares y terrenos clasificados como suelo urbano o suelo de núcleo rural por el planeamiento municipal vigente. Igualmente, se sujetan a las condiciones de limpieza y vallado de terrenos que en ellas se prevén los terrenos rústicos colindantes con el suelo urbano o de núcleo rural en una franja de 25 m que se contará desde el límite del suelo urbano o de núcleo, y los terrenos rústicos y colindantes con otros terrenos igualmente de suelo rústico, cuando en estos últimos se concediera licencia para edificar.*

#### Artículo 4º.

*Se entiende por vallado de terrenos todas aquellas obras exteriores de nueva planta, de naturaleza no permanente, que se limiten a llevar a cabo el simple cierre físico del terreno de que se trate.*